

Seminario básico en xestión económica de ANPAS

Contido

PARTE 0: Introducción.

PARTE 1: Marco Fiscal.

PARTE 2: Subvencións: concepto e tipoloxía.

- i. Fases para xestión de subvencións: modelos prácticos
- ii. Xustificación económica e operativa

PARTE 3: Contabilidade.

PARTE 4: Responsabilidade nas asociacións.



0. Introducción

OBXECTIVO


PROPORCIONAR COÑECEMENTOS BÁSICOS DE FORMA CLARA E SINXELA QUE PROPORCIONEN UNHA AXUDA NO ÁMBITO DA XESTIÓN ECONÓMICA DAS ANPAS



1. Marco Fiscal ANPAS

PARTE 1: FISCALIDADE NAS ANPAS





1. Marco Fiscal ANPAS
- IMPOSTOS PRINCIPAIS QUE PODEN AFECTAR ÁS ANPAS
- Impostos Sociedades
 - Imposto sobre o Valor Engadido
 - Impostos sobre a Renda das Persoas Físicas
 - Impostos Actividades Económicas
 - Imposto Transmisións Patrimoniais e Actos Xurídicos Documentados
 - Impostos Sobre a Renda de Non residentes
 - Impostos Locais (IBI, IVTM, IIVTNU)
- Three orange dots are in the bottom right corner.

1. Marco Fiscal ANPAS

- **Imposto Sociedades (IS)**. É un imposto que grava a **obtención de renda (excedentes=ingresos-gastos)** das sociedades e demais **entidades xurídicas** (as ANPAS están neste grupo).
- **Imposto Valor Engadido (IVE)**. Grava as **entregas de bens e prestacións de servizos** realizadas no **ámbito espacial** do imposto (península e Baleares) por **empresarios ou profesionais** a título **oneroso (contraprestación)**, con carácter habitual ou ocasional, no desenvolvemento da súa actividade empresarial ou profesional, incluso si se realizan con ocasión do cese no exercicio das súas actividades ou si se efectúan a favor dos propios socios, asociados, membros ou partícipes das entidades que as realicen.
- **Imposto Renda Persoas Físicas (IRPF)**. É un tributo de carácter persoal e directo que **grava a renda obtida polas persoas físicas**, de acordo coas súas circunstancias persoais e familiares.



1. Marco Fiscal ANPAS

- **Imposto Renda Non Residentes (IRNR)**. É un tributo de carácter directo que **grava a renda obtida en territorio español polas persoas físicas e entidades non residentes** no mesmo.
- **ITP e AXD**. Transmisións patrimoniais non suxeitas no IVE, Operacións en Sociedades e Actos Xurídicos Documentados.
- **Imposto Actividades Económicas (IAE)**. Grava o **exercicio en territorio español** de toda clase de **actividades económicas (empresariais, profesionais e artísticas)** exérzanse ou non en local determinado e se atopen ou non especificadas nas Tarifas do imposto.
- **Outros**. Imposto sobre Bens Inmóbles, Imposto Vehículos Tracción Mecánica, Imposto Incremento Valor Terreos Natureza Urbana ou Impostos Especiais.




1. Marco Fiscal ANPAS

REGULACIÓN DOS IMPOSTOS

- **Feito Impoñible:** suposto de natureza xurídica ou económica fixado por lei para configurar o tributo, e pola que a súa realización orixina o nacemento da obriga tributaria.
- **Suxeito pasivo:** o obrigado a cumprir coas prestacións impositivas como contribuínte ou como substituto do mesmo.
- **Exención:** cando prodúcese o feito impoñible, pero non se xera a obriga tributaria por razón subxectivas ou obxectivas.
- **Base Impoñible:** cuantificación e valoración do feito impoñible.
- **Cota Tributaria:** base impoñible x gravame.
- **Bonificacións e deducións:** minoracións da cota por cumprimento dun determinado suposto.
- **Débeda Tributaria:** cota, máis recargos, menos bonificacións e pagos anticipados.



1. Marco Fiscal ANPAS



1. Marco Fiscal ANPAS. Obrigas Informativas.

OBRIGAS INFORMATIVAS
CENSAIS
OPERACIÓNS CON TERCEIROS
FACTURAS



1. Marco Fiscal ANPAS. Obrigas Informativas

Declaración Censual (Mod. 036)

A través dela comunicase a información tributaria referente á situación da Asociación.

- ✓ Contido: notificación das seguintes circunstancias:
 - Modificación nas obrigas tributarias, datos de identidade ou de representación.
 - Comunicar de inicio ou cese de actividades (I.A.E.).
 - Inscripción no censo de entidades, solicitude do C.I.F.
 - Comunicación dos representantes e domicilio.



1. Marco Fiscal ANPAS. Obrigas Informativas

Declaración de Operacións con Terceiros (Mod. 347)

Obrigatoria para ONLs que realicen ou non realicen actividades económicas (con ou sen alta en IAE) e que efectuaren no ano natural operacións con terceiros que no seu conxunto superen os 3.005,06 € IVE incluído (clientes/provedores).

1. Contido:

- Nome e apelidos ou denominación social,
- CIF/NIF
- CP e Municipio
- importe trimestral e anual total das operacións efectuadas.

Datos 180 – 190 NON!!

2. Se non realizan actividades económicas e non teñen alta en IAE podería parecer que non o presentan. Pero están obrigadas a facelo si teñen realizado compras superiores a ese importe. Excepcións: subministrados de auga, combustible e electricidade nin de seguros. Isto é obrigatorio desde 2014 inclusive.

3. Tamén se declaran as subvencións percibidas –normalmente por criterio de caixa/cobro-.

4. Prazo de presentación: febreiro do ano seguinte.



1. Marco Fiscal ANPAS. Obrigas Impositivas.

Deber de emitir facturas

De forma xeral existe obriga de expedir e entregar factura polas operacións (entregas de bens e servizos) que realicen no desenvolvemento da súa actividade empresarial, e a conservar as mesmas doutros empresarios ou profesionais polas operacións das que sexan destinatarios, e que se efectúen no desenvolvemento da actividade empresarial.

Existen excepcións para determinadas operacións, pero sempre que o receptor do ben ou servizo sexa un empresario ou profesional existe obriga de emitir factura. Non existe obriga de emisión de factura na prestación dos servizos exentos de IVE típicos das ANPAS (educativos, sociais, deportivos) salvo que o cliente/usuario o solicite ou sexa empresario ou profesional).



1. Marco Fiscal ANPAS. Obrigas Impositivas.

OBRIGAS IMPOSITIVAS

IRPF. Imposto Renda Persoas Físicas

IS. Imposto Sociedades

IVE. Imposto Valor Engadido

IAE. Imposto Actividades Económicas



1. Marco Fiscal ANPAS. Obrigas Impositivas. IRPF.

- As ONLs non tributan no IRPF xa que non son persoas físicas.
- A obriga da entidade neste tributo ven dada polos pagos efectuados ás persoas físicas coas que se relaciona nas súas actividades.

As relacións con persoas físicas poden ser do seguinte tipo:

- **Relación laboral:** que se concreta na contratación por parte da entidade dunha persoa física. CONTRATO LABORAL.
- **Relación profesional:** que se concreta na prestación dun servizo (existe factura) por parte dun profesional á asociación. PROFESIONAL INDEPENDENTE.
- **Prestacións por colaboración:** definidas por lei como "retribucións recibidas por quen colabora en actividades humanitarias ou de asistencia social promovidas por entidades sen ánimo de lucro" e entendidas como rendemento de traballo. Non aplicable en ANPAS.
- **Impartición de cursos, conferencias, coloquios e similares:** non é unha relación laboral nin profesional pero existe factura, se consideran rendementos de traballo. IMPARTICIÓN CURSOS OU XORNADAS.
- **Arrendamento de inmobles:** cando a ONL aluga un local de un terceiro para as súas actividades. Superiores a 900 € no ano co mesmo arrendador.
- **Premios:** premios superiores a 300 € en efectivo. Premios en especie: valor de compra + 20% si > 300 euros.
- **Retencións de capital mobiliario:** intereses pagados a terceiros por cartos prestados á asociación.



1. Marco Fiscal ANPAS. Obrigas Impositivas. IRPF.

¿Cómo liquidamos o imposto?

	Modelo Trimestral	Modelo Anual	Tipo de Retención 2016-2017
Rendementos Trabajo e Prestación por Colaboración	111	190 Certificado Retencións	Según proceda (taboas)
Rendementos Act. Profesional			15% ou 7%
Rendementos Capital Mobiliario	123	193 Certificado Retencións	21%
Rendementos Arrendamentos	115	180 Certificado Retencións	19%



1. Marco Fiscal ANPAS. Obrigas Impositivas. IS.

¿ Que é o Imposto de Sociedades?

É un imposto que grava a **renda** das sociedades e demais entidades jurídicas

¿ Quen está obrigado ante o Imposto?

Toda clase de entidades sempre que teñan personalidade xurídica, con independencia de que desenvolvan ou non actividades durante o período impositivo e de que haxa ou non rentas suxeitas ao imposto

Modelo a empregar

✓ Modelo 200

Exención parcial (I)

Determinadas entidades que non persiguen na súa actividade ó ánimo de lucro (aínda que poidan ter beneficios), gozan dunha exención parcial:

Teñen obriga de declarar tódalas súas rendas sen ter en conta a súa fonte ou orixe. Tributarán polas rendas non exentas en función da normativa aplicable.



1. Marco Fiscal ANPAS. Obrigas Impositivas. IS.

Exención parcial (II)

¿Que tributa?

RENDAS EXENTAS	RENDAS NON EXENTAS
<ul style="list-style-type: none"> ✓ As procedentes de actividades que constitúan o obxecto social ou finalidade específica (Donativos, Subvencións xenéricas...). ✓ Incrementos de patrimonio a título lucrativo (gratuítos) efectuadas en cumprimento dos fins. ✓ Incrementos de patrimonio a título oneroso (con prezo) de bens se existe reinvestimento total do importe da venda. <p style="text-align: center; font-size: 2em;">Non pagar</p>	<ul style="list-style-type: none"> ✓ Rendas de explotacións económicas. ✓ Rendementos de capital mobiliario (contas bancarias, activos financeiros...). ✓ Rendementos de capital inmobiliario (ingresos por arrendamentos). ✓ Incrementos de patrimonio distintas das anteriores. <p style="text-align: center; font-size: 2em;">Pagar</p>

Resultado que tributa

- ✓ Rentas non exentas – Gastos deducibles.

¿Canto pagamos?

- ✓ Aplicación do tipo impositivo do 25% ó resultado anterior

Canto pagamos? ...

1. Marco Fiscal ANPAS. Obrigas Impositivas. IS.


Exención parcial (III)

Artículo 124.3 de la Ley 27/2014, de 27 de noviembre, del Impuesto sobre Sociedades
 "...estarán obligados a declarar la totalidad de sus rentas, exentas y no exentas. No obstante, ... no tendrán obligación de presentar declaración cuando cumplan los siguientes requisitos:

- a) Que sus ingresos totales no superen 75.000 €año.
- b) Que los ingresos correspondientes a rentas no exentas sometidas a retención no superen 2.000 €año.
- c) Que todas las rentas no exentas que obtengan estén sometidas a retención"

**Cun só céntimo facturado/cobrado
 por venda ou prestación de servizos
 hai que declarar IS!!**





1. Marco Fiscal ANPAS. Obrigas Impositivas. IVE.

- ✓ As ANPAS son suxeitos pasivos do imposto do IVE ó estar considerados como **empresarios ou profesionais** sempre que cumpran dúas condicións:
 - a) Desenvolvan actividades empresariais.
 - b) Entreguen bens ou presten servizos a título oneroso (mediante prezo)
- ✓ **Non importa:**
 - a) Que sexa **a favor** de socios ou terceiros.
 - b) O fin ou **destino** do resultado da operación.
 - c) Habitualidade ou **ocasionalidade** das operacións

CONCLUSIÓN

As ANPAS non son empresas (suxeitos pasivos) a efectos do IVE se realizan "**exclusivamente**" entregas de bens ou prestación de servizos a título gratuito

...

1. Marco Fiscal ANPAS. Obrigas Impositivas. IVE.

Tipos de exencións

EXENCIÓNS XENÉRICAS (Art. 20.Uno.2º,3º,6º,9º y 12º)

- Hospitalización e asistencia sanitaria.
- Servizos prestados por Unións ou Agrupacións directamente ós seus membros.
- Educación e ensino.
- Prestacións de servizos e entregas de bens accesorias efectuadas por determinadas ONLs directamente ós seus membros.

EXENCIÓNS “SOCIO-CULTURAIS” (Art. 20.Uno.8º,13º y 14º)

- Asistencia social de diversa natureza (8º).
- Servizos relacionados coa práctica do deporte (13º).
- Servizos de carácter cultural de diversa natureza (14º).



1. Marco Fiscal ANPAS. Obrigas Impositivas. IVE.

Exencións típicas aplicadas por ANPAS

EXENCIÓNS XENÉRICAS (Art. 20.Uno.2º,3º,6º,9º y 12º)

- Educación e ensino (9º): clases particulares a alumnos do centro educativo, clases de idiomas, cursos de aspectos de psicoloxía de menores, ...
Requisito fundamental para que os servizos estean exentos de IVE: os cursos deben versar sobre materias incluídas nalgún plan de estudos do sistema educativo en España. Idade dos destinatarios: non é relevante.
Tamén entrarían aquí a atención a nenos en centros docentes en tempo interlectivo durante o comedor escolar ou en aulas en servizo de gardería fora do horario escolar –desde 2015-.

EXENCIÓNS “SOCIO-CULTURAIS” (Art. 20.Uno.8º,13º y 14º)

- Asistencia social de diversa natureza (8º): excursións, campamentos ou viaxes infantís e xuvenís. Sempre a menores de 25 anos.
- Servizos relacionados coa práctica do deporte (13º): están exentos de IVE os servizos prestados a persoas físicas que practiquen o deporte ou a educación física. Non están exentos os espectáculos deportivos.
- Servizos de carácter cultural de diversa natureza (14º): bibliotecas, visitas a museos, representacións –musicais, teatrais, ...-, organización de exposicións



1. Marco Fiscal ANPAS. Obrigas Impositivas. IVE.

¿ Como calculamos o pago?

- A asociación adquire bens ou servizos polos que paga IVE (Ive Soportado).
- A asociación entrega bens ou presta servizos polos que cobra IVE (Ive Repercutido).
- En cada período de liquidación a asociación liquidará a diferenza entre o Ive Repercutido e o Ive soportado tendo en conta que:
 - Se a diferenza é **positiva**, realízase o pago correspondente.
 - Se a diferenza é **negativa** poderase compensar en períodos posteriores, e no último período do ano, solicitar devolución a Facenda.

Situación nun ANPA:
p.e. vendas con IVE como camisetas

Modelo a empregar

Modelo Trimestral	Modelo Anual	Tipos impositivos
303	390	4%/- 10% -21%



1. Marco Fiscal ANPAS. Obrigas Impositivas. IAE.

¿ Cando hai actividade económica?

- ✓ Realización de actividades económicas polas ANPAS determinadas segundo os epígrafes das tarifas.
- ✓ **Actividade económica:** ordenación por conta do suxeito pasivo de medios de produción e recursos humanos o dun de ambos coa finalidade de intervir na produción ou distribución de bens ou servizos.

Exencións ao pago do imposto

✓ Xenéricas:

- Entidade que inicien a súa actividade, durante os dous primeiros períodos impositivos do imposto.
- Entidade con un importe neto da cifra de negocios inferior a 1.000.000 de euros.

- ✓ Específica: Actividades de carácter pedagóxico, científico, asistencial e de emprego para o ensino, educación, rehabilitación e tutela de persoas con minusvalía.

Modelo a empregar

- ✓ Modelo 036 e 840



1. Marco Fiscal ANPAS. Obrigas Impositivas. Resumo IVE-Sociedades.

Actividades Realizadas	Encadramento Fiscal	Imposto sobre Sociedades	Imposto sobre o Valor Engadido
<ul style="list-style-type: none"> • Cotas servizos sociais ou educativos • Cotas socios. • Cotas Cursos. 	Explotación Económica	SI	NON (Exencións Art. 20.Un)
<ul style="list-style-type: none"> • Venda de bens. • Prestacións de servizos distintos dos anteriores 			SI
<ul style="list-style-type: none"> • Loterías • Rifas 	Rendas suxeitas	SI	Loterías: só polo recargo. Rifas: si, salvo pago taxa estatal
<ul style="list-style-type: none"> • Donativos • Subvencións • Convenios de colaboración 	Rendas Exentas	NON*	NON
<ul style="list-style-type: none"> • Intereses contas bancarias. • Intereses títulos financeiros 	Rendementos Capital Mobiliario	SI	NON
• Ventas de fondos de inversión.	Variacións patrimoniais	SI	NON

www.algalia.com



1. Marco Fiscal ANPAS.

INFORMACIÓN:

Páxina web www.aeat.es
Teléfono. AEAT **901.335533**
Administracións AEAT



2. Subvencións

PARTE 2: SUBVENCIONES



2. Subvencións.

1. Subvencións: conceptualización
 - Marco legal
 - Subvencións e convenios
 - Obrigas dos beneficiarios
2. Implicacións e elementos a considerar
3. Xestión de subvencións
 - Proceso de xestión
 - Obter información



2. Subvencións. Financiamento público

- Transferencia de fondos económicos das Administracións públicas aos proxectos ou ás entidades (no noso caso do terceiro sector)
 - Contratos coas Administracións Públicas (Lei de Contratos), **con contrapartida** de prestación de un servizo determinado
 - Subvencións e Convenios das Administracións Públicas (Lei de Subvencións), **sen contrapartida**



2. Subvencións. Marco legal.

- Ley General de Subvenciones (L38/2003) e o seu Reglamento (RD 887/2006), Lei de Subvencións de Galicia (L9/2007).
 - O marco legal condiciona as convocatorias de subvención, e as diferentes administracións públicas vanse adaptando e cumprindo e esixindo o cumprimento dos requisitos.
 - A lexislación non són afecta ás ONLs como destinatarias de subvencións públicas senón tamén aos organismos convocantes, polo que cada vez as convocatorias son mais parecidas e esixen os mesmos requisitos, independentemente do tamaño da asociación, da entidade convocante, ou do montante económico das axudas convocadas ou otorgadas.



2. Subvencións. Lei de Subvencións de Galicia.

- **Obxecto:** regulación do réxime das subvencións cuxo establecemento e xestión corresponde á Administración da Comunidade Autónoma, organismos e demais entidades vinculadas ou dependentes, así como tamén ás entidades locais, incluídos os organismos e entidades dependentes delas
- **Ámbito:** a lei é aplicable ás subvencións de:
 - A Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia.
 - Os organismos autónomos e as entidades de dereito público recollidas na Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia
 - As entidades locais de Galicia, incluídos os organismos e entes dependentes delas.



2. Subvencións. Lei de Subvencións de Galicia. Definición.

- **Toda** disposición dineraria realizada pola Admon. da Comunidade Autónoma ou por unha entidade vinculada a favor de persoas publicas ou privadas que implique:
 - Que a entrega se realice **sen contraprestación** directa dos beneficiarios (no noso caso, as entidades)
 - Que a entrega esté **suxeita ao cumprimento** dun obxectivo, proxecto, actividade, comportamento singular, xa realizados ou por desenvolver.
 - Que fomente unha actividade de utilidade **pública** ou interese **social**.



2. Subvencións. Lei de Subvencións de Galicia. Instrumentos.

- Instrumento para canalizar subvencións nominativas, **só** para **casos moi concretos**, indicados nas normas, que deberán ser xustificadas polas AA PP que os utilicen. Deberán axustarse a esta Lei, salvo no que afecta á publicidade e concorrência, e conterán como mínimo:
 - Obxecto do convenio, con indicación do seu carácter singular e das razóns que acreditan o interese público, social, económico ou humanitario, e as que xustifican a dificultade da súa convocatoria.
 - Réxime xurídico aplicable.
 - Beneficiarios e modalidades de axuda.
 - Réxime de xustificación da aplicación dos fondos polos beneficiarios.



2. Subvencións. Lei de Subvencións de Galicia. Obrigas.

- Cumprir a execución das accións subvencionadas.
- Xustificar o cumprimento os requisitos e condicións, así como a acción subvencionada.
- Someterse a actuacións de comprobación.
- Comunicar outras axudas ou ingresos do proxecto subvencionado.
- Estar ao corrente no pago das obrigas tributarias, coa seguridade social e coa administración autonómica.
- Dispor de libros contables que cumprán cos requisitos legais.
- Conservar os documentos xustificativos durante o prazo legal (mínimo 4 anos).
- Difundir a participación pública na financiación
- As que se sinalen nas bases correspondentes.



2. Subvencións. Lei de Subvencións de Galicia. Implicacións.

- Xustificación:
 - Admitiranse **só** os documentos válidos no tráfico mercantil (incluídas facturas electrónicas)
 - Existirá un **control dos gastos cofinanciados** por varias administracións
 - Consíderanse gastos realizados os pagados antes do periodo de execución do proxecto
 - Non serán incluídos os impostos recuperables.
- A Contabilidade deberá dar información económica dos gastos e ingresos por proxectos o cal suporía levar unha **contabilidade analítica**.



2. Subvencións. Lei de Subvencións de Galicia. Elementos.

- Respecto do **importe**:
 - Se os gastos ou inversións superán os 30.000 € en obras ou os 12.000 € en suministros de bens de equipo ou prestacións de servizos de consultoría ou asistencia técnica, deberán solicitarse 3 presupostos a diferentes provedores optando polo mais barato como norma xeral.
- En canto á **tesourería**
 - Se as bases reguladoras así o establecen, poderá preverse a realización de **pagos anticipados e/ou fraccionados**.



2. Subvencións. Elementos.

- Organismo convocante e data da convocatoria
- Obxecto da convocatoria: tipo de proxectos subvencionables
- Beneficiarios: requisitos
- Conceptos subvencionables
 - En moitas convocatorias existe un artigo específico, noutras pódese atopar na descrición das accións/actividades subvencionables.
 - Identificación de límites por tipo de gasto.
 - Identificación dos límites máximos da subvención.
 - Identificación do % de concesión e de xustificación respecto do importe solicitado:
 - En xeral esíxese a xustificación da totalidade do proxecto, non só da cantidade concedida



2. Subvencións. Elementos.

- Solicitud
 - Prazos
 - Documentación
 - Proxecto, con orzamento
 - Posibilidade de orzamento da entidade
 - Certificados: conta bancaria da asociación, débedas coa seguridade social, a facenda e as administracións públicas
 - Declaracións: outras subvencións e axudas
 - Documentos da asociación: CIF, estatutos
 - Criterios de valoración
- Resolución
 - Prazos, notificación, aceptación, recursos




2. Subvencións. Elementos.

- Xustificación
 - Data límite
 - Documentación: memoria, documentos que acrediten o gasto (facturas), comunicación de outras axudas recibidas
- Concorrenza de subvencións: analizar a compatibilidade con outras axudas públicas (lembremos que todas está sometidas á lexislación de subvencións).
- Existe a posibilidade de obter anticipos dos pagamentos?
- Obrigas das entidades beneficiarias
 - Publicidade, cumprimento das bases, comunicación de outras axudas e cambios no proxecto ...



2. Subvencións. Xestión.




2. Subvencións. Xestión: preparación.

- **Elaboración do proxecto:**
 - Idea
 - Conceptualización
 - Obxectivo xeral e específicos
 - Destinatarios
 - Liñas de acción - actividades
 - Recursos humanos
 - Presuposto
- **Busca de convocatorias:**
 - Tipo de Financiadores
 - Administracións públicas
 - Entidades privadas
 - Metodoloxía de busca
 - Diario/boletín oficial
 - Webs
 - Servizos de información



2. Subvencións. Xestión: solicitude.

- **Estudio en profundidade da convocatoria:**
 - Características xerais da convocatoria
 - Beneficiarios
 - Solicitude
 - Obrigacións dos beneficiarios
 - Pago
 - Outras consideracións
 - Documentación a presentar
- **Cronograma:**
 - Elaboración proxecto
 - Elaboración presuposto
 - Documentación necesaria
- **Presentación:**
 - Cubrir os impresos
 - Recopilar documentación
 - Fotocopias compulsas
 - Entrega da solicitude



2. Subvencións. Xestión: execución.

- **Concesión**
 - Comunicación
 - Importe económico
 - Adaptación proxecto
 - Planificación operativa
- **Seguimento económico**
 - Orzamento operativo
 - Rexistro de ingresos e gastos
 - Seguimento orzamentario da subvención
 - Control de cobros e pagos
 - Rexistro de facturas
- **Cumprimento das obrigas:**
 - Logotipos na publicidade
 - Modificacións claves no proxecto
 - Actuacións de comprobación
 - Comunicación da concesión de outras axudas



2. Subvencións. Xestión: xustificación.

- **Documentación**
 - Facturas
 - Documentación esixida na convocatoria
 - Aqueles que se estime apropiada
- **Memoria**
 - Desenvolvemento do proxecto
 - Avaliación
 - Anexos: Dossier de prensa, memoria fotográfica, publicidade empregada,...



2. Subvencións. Información.

- Webs, por exemplo:
 - www.socialia.org
 - www.solucionesong.org
 - www.algalia.com
- Permiten:
 - **Informarse** sobre subvencións para actividades
 - Recibir **alertas** de apertura de convocatorias
 - **Descargar** os textos íntegros coas bases
- Diarios oficiais:
 - BOE: www.boe.es
 - DOG: www.xunta.es/dog/dog.nsf
 - Boletíns oficiais provinciais (web). P.e. Pontevedra: <http://www.boppo.depo.es/>



3. Contabilidade

Lei orgánica 1/2002 reguladora do dereito de asociación

- **Artículo 14. Obligacións documentales y contables.**
 1. Las asociacións han de dispoñer de una relación actualizada de sus asociados, levar una contabilidade que permita obter a imaxe fiel do patrimonio, do resultado y de la situación financiera de la entidade, así como las actividades realizadas, efectuar un inventario de sus bienes y recoger en un libro las actas de las reunións de sus órganos de goberno y representación. Deberán levar su contabilidade conforme a las normas específicas que les resulten de aplicación.
 2. Los asociados podrán acceder a toda la documentación-que se relaciona en el apartado anterior, a través de los órganos de representación, en los términos previstos en la Ley Orgánica 15/1999, de 13 de diciembre, de protección de datos de carácter personal.
 3. Las cuentas de la asociación se aprobarán anualmente por la Asamblea General.



3. Contabilidade

¿Podería levar unha contabilidade de partida simple?

Si, pero ...

1. Si estou obrigado a presentar o Imposto sobre sociedades por superar os límites.
2. Si teño algún IAE dado de alta e a asociación se comporta, por tanto, como un empresario.
3. Si estou dado de alta no IVE –obviamente implica un alta en IAE-.

entón ...

Terei que levar unha contabilidade de dobre partida e ser capaz de dar información específica e adaptada á normativa contable para asociacións (RD 1491/2011) sobre:

- Balance de situación –o que ten a asociación e o que lle deben e debe-
- Conta de resultados –ingresos e gastos-



4. Responsabilidade nas asociacións


Lei orgánica 1/2002 reguladora do dereito de asociación

• **Artículo 10. Inscripción en el Registro.**

1. Las asociaciones reguladas en la presente Ley deberán inscribirse en el correspondiente Registro, a los solos efectos de publicidad.
2. La inscripción registral hace pública la constitución y los Estatutos de las asociaciones y es garantía, tanto para los terceros que con ellas se relacionan, como para sus propios miembros.
3. Los promotores realizarán las actuaciones que sean precisas, a efectos de la inscripción, respondiendo en caso contrario de las consecuencias de la falta de la misma.
4. Sin perjuicio de la responsabilidad de la propia asociación, los promotores de asociaciones no inscritas responderán, personal y solidariamente, de las obligaciones contraídas con terceros. En tal caso, los asociados responderán solidariamente por las obligaciones contraídas por cualquiera de ellos frente a terceros, siempre que hubieran manifestado actuar en nombre de la asociación.



4. Responsabilidade nas asociacións

- **Artículo 15. Responsabilidad de las asociaciones inscritas.**
 1. Las asociaciones inscritas responden de sus obligaciones con todos sus bienes presentes y futuros.
 2. Los asociados no responden personalmente de las deudas de la asociación.
 3. Los miembros o titulares de los órganos de gobierno y representación, y las demás personas que obren en nombre y representación de la asociación, responderán ante ésta, ante los asociados y ante terceros por los daños causados y las deudas contraídas por actos dolosos, culposos o negligentes.
 4. Las personas a que se refiere el apartado anterior responderán civil y administrativamente por los actos y omisiones realizados en el ejercicio de sus funciones, y por los acuerdos que hubiesen votado, frente a terceros, a la asociación y a los asociados.
 5. Cuando la responsabilidad no pueda ser imputada a ningún miembro o titular de los órganos de gobierno y representación, responderán todos solidariamente por los actos y omisiones a que se refieren los apartados 3 y 4 de este artículo, a menos que puedan acreditar que no han participado en su aprobación y ejecución o que expresamente se opusieron a ellas.
 6. La responsabilidad penal se regirá por lo establecido en las leyes penales. 

Moitas grazas

algalia@algalia.com
www.algalia.com

www.algalia.com 